

MEMORIA FUNCIONAL E ECONÓMICA PARA A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

1.- Antecedentes

O Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, 24 de abril), polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, adscribe a Axencia Galega de Innovación á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, Consellería de Educación).

A estrutura orgánica vixente da Axencia é a establecida no Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, 27 de maio), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e se modifica o Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 34, 19 de febreiro), que determina a existencia dunha Dirección con rango de director/a xeral e catro Áreas:

- a) Área de Xestión.
- b) Área de Estratexias e Programas.
- c) Área de Talento e Transferencia.
- d) Área de Servizos.

A RPT vixente de Gain está recollida nas seguintes resolucións:

- RESOLUCIÓN do 18 de xullo de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de xullo de 2019 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 143, 30 de xullo).
- RESOLUCIÓN do 8 de novembro de 2019 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 7 de novembro de 2019 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da Axencia Galega de Innovación (DOG Núm. 219, 18 de novembro).



- RESOLUCIÓN do 5 de marzo de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de marzo de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 52, 17 de marzo).
- RESOLUCIÓN do 24 de xuño de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de **funcionarización** de postos de traballo do persoal laboral (DOG núm. 120, 25 de xuño).
- RESOLUCIÓN do 14 de febreiro de 2022 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de febreiro de 2022 pola que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 36, 22 de febreiro).
- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2022 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de xullo de 2022 polo que se modifica a relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación en execución de sentenza (DOG núm. 151, 9 de agosto).
- RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2023 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 15 de xuño de 2023 pola que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 121, 27 de xuño). Corrección de erros no DOG núm. 142, do 27 de xullo.

2.- Estudo funcional

A modificación da RPT que se propón ten como obxectivos principais os seguintes:

- 1- Adaptación e actualización da codificación da RPT á nova estrutura da Gain, consecuencia da súa adscrición á Consellería de Educación e o posterior Acordo de traspaso asinado coa Consellería de Economía e Industria polo que se adscriben os postos con nivel orgánico inferior a servizo.
- 2- Modifícase a forma de provisión da praza de Director/a da Área de Servizos.



1 Adaptación e actualización da RPT á nova estrutura da Gain.

Como resultado da modificación dos estatutos da Axencia, realízanse os seguintes cambios:

- 1) Modificación do posto con código EI.A11.00.002.15770.001, denominado "Director/a da Área de Programas", que pasa a denominarse "Director/a da Área de Estratexias e Programas", código ED.A21.00.002.15770.001.
- 2) Modificación do posto con código EI.A11.00.004.15770.001, denominado "Director/a da Área de Centros", que pasa a denominarse "Director/a da Área de Talento e Transferencia", código ED.A21.00.003.15770.001.
- 3) Modificación do posto EI.A11.003.15770.020 "Xefatura departamento servizos e observatorio innovación", que pasa a denominarse "Xefatura departamento de servizos", con código ED.A21.00.004.15770.020.
- 4) Modificación do posto con código EI.A11.00.000.15770.020, denominado "Xefatura do departamento de apoio á comisión interdepartamental de I+D+i", que pasa a denominarse "Xefatura do departamento da comisión interdepartamental de I+D+i", con código ED.A21.00.002.15770.020.

Estes cambios débense á publicación do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (DOG núm. 101, 27 de maio). A súa Disposición derradeira primeira modifica os estatutos da Axencia Galega de Innovación, aprobados polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro.

A redistribución da Axencia Galega de Innovación entre a Consellería de Economía e Industria e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional implicou que determinadas actuacións que correspondían a Área de Centros fosen traspasadas á Consellería de Economía e Industria, o que deu lugar a que, mantendo o núcleo básico das funcións de dita área, se incorporasen algunhas novas, o que motivou o cambio na denominación da área pasando a chamarse Área de Talento e Transferencia.

A efectos da modificación da RPT supón a supresión da Área de Centros e a creación da Área de Talento e Transferencia.



POSTO QUE SE AMORTIZA	POSTO QUE SE CREA
<p>Denominación: Área de Centros</p> <p>Código: EI.A11.00.004.15770.001</p> <p>Nivel: 2</p> <p>Forma de Provisión: persoal directivo</p> <p>Subgrupo: A1</p> <p>Tipo persoal: Alta dirección/Funcionario</p> <p>Observacións: Artigo 79 da LOFAXGA. // Decreto 119/2012, do 3 de maio.</p>	<p>Denominación: Área de Talento e Transferencia</p> <p>Código: ED.A21.00.003.15770.001</p> <p>Nivel: 2</p> <p>Forma de Provisión: persoal directivo</p> <p>Subgrupo: A1</p> <p>Tipo persoal: Alta dirección/Funcionario</p> <p>Observacións: Artigo 79 da LOFAXGA. // Decreto 119/2012, do 3 de maio.</p>

A resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ditada ao amparo da disposición transitoria primeira do Decreto 138/2024, do 202 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, readscribe á persoa que ocupaba a dirección da área de centros á dirección da área de Talento e Transferencia.

O posto "xefatura do departamento da comisión interdepartamental de I+D+i" deixa de depender directamente da dirección da Axencia para adscribirse á Área de Estratexias e Programas.

A consecuencia deste cambio, o posto que agora se cubre mediante o sistema de libre designación, pasará a cubrirse mediante concurso específico cando quede vacante.

- 5) Modificación do posto EI.A11.00.001.15770.015, "Xefatura de negociado de xestión" que pasa a denominarse "Xefatura de negociado de xestión I", ED.A21.00.001.15770.015



6) Modificación do posto EI.A11.00.001.15770.025, "Xefatura de negociado I" que pasa a denominarse "Xefatura de negociado de xestión II", ED.A21.00.001.15770.016.

Ambos postos pasan a depender directamente da dirección da Área, co fin de que poidan reforzar os departamentos que dela dependen en función das necesidades do servizo, optimizando deste xeito os recursos dispoñibles.

7) Modificación do posto EI.A11.00.004.15350.022, "Xefatura de sección de centros" que pasa a denominarse "Xefatura de sección talento e transferencia (Ferrol)", ED.A21.00.003.15350.022.

8) Modificación do posto EI.A11.00.004.15770.105, "Xefatura de negociado de centros" que pasa a denominarse "Xefatura de negociado de talento e transferencia", ED.A21.00.003.15770.010.

9) Por outra parte, o Acordo asinado coa Consellería de Economía e Industria polo que se traspasa parte do persoal da Axencia para esa consellería, fai necesaria a reorganización do mesmo.

Con este fin, os postos que se sinalan na táboa I, que dependían do posto traspasado "Departamento de xestión da innovación", na antes denominada Área de Programas, pasan a depender do "Departamento de Xestión de Axudas" na Área de Xestión onde desenvolverán, entre outras, tarefas de avaliación técnica das solicitudes de axudas impulsadas pola Axencia, seguimento e control técnico co fin de verificar o cumprimento da finalidade das convocatorias de axudas.





TÁBOA I

RPT	Código da praza	Denominación	Nivel
Nova	ED.A21.00.001.15770.025	Enxeñeiro/a funcións facultativas	26
Anterior	EI.A11.00.002.15770.025		
Nova	ED.A21.00.001.15770.026	Enxeñeiro/a funcións facultativas	26
Anterior	EI.A11.00.002.15770.027		
Nova	ED.A21.00.001.15770.027	Enxeñeiro/a funcións facultativas*	26
Anterior	EI.A11.00.002.15770.029		

* Ao posto de enxeñeiro/a funcións facultativas, código ED.A21.00.001.15770.027, suprímeselle a observación "ocupado por persoal laboral indefinido non fixo" ao superar a persoa titular un proceso de estabilización polo que pasa a ser persoal funcionario de carreira.

Finalmente, na Táboa II sinálanse os postos que se eliminan na RPT vixente:

TÁBOA II

Denominación	Código	Observacións
Xefatura de Sección *	EI.A11.00.000.15770.003	Amortizados coa aprobación do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se aproba a estrutura da Consellería de Educación e se modifican os estatutos da Axencia.
Xefatura de sección de programas II *	EI.A11.00.002.15770.011	
Posto base Subgrupo A1	EI.A11.00.003.15770.102	Desde a anterior modificación da RPT en xuño de 2023, existía o compromiso de amortizar este posto cando quedase vacante pola xubilación da persoa propietaria do posto. O posto quedou vacante por xubilación da persoa titular en agosto de 2023 e xa non está incluído no Anexo de persoal.

* Os dous postos de xefatura de sección estaban vacantes no momento da súa amortización.



2 Cambio da forma de provisión do posto de Director/a da Área de Servizos.

RPT	Código da praza	Forma de provisión	Observacións
Nova	ED.A21.00.004.15770.001	Libre designación	
Anterior	EI.A11.00.003.15770.001	Persoal directivo	Art. 79 LOFAXGA

Na RPT vixente, este posto é de persoal directivo profesional, nivel 2, para ser cuberto por mediante libre designación por persoal funcionario ou a través dun contrato laboral de alta dirección.

Coa proposta que se remite, límtase a forma de provisión á libre designación para persoal funcionario. O posto poderá cubrirse con persoal funcionario de carreira do corpo superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia, da Administración Xeral do Estado ou doutras comunidades autónomas.

De acordo coa Orde da Consellería de Facenda do 19 de xuño de 2014 (DOG núm. 119, 25 de xuño), pola que se establece a clasificación inicial de novas entidades incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, o nivel de complemento de destino que se tomará como referencia para a consolidación do grao persoal dos empregados públicos que desempeñen postos directivos será a que lles corresponda en función da clasificación da entidade.

Segundo establece dita Orde, a Axencia Galega de Innovación clasifícase como unha entidade do grupo III, correspondéndolle ao posto polo tanto un complemento de destino de nivel 30.

Por cuestións técnicas do programa de elaboración das RPT, o cambio instrumentalízase como unha amortización/creación, non como modificación.



Por todo o anterior, o posto de director/a da Área de Servizos cubrirase polo sistema de libre designación e terá as seguintes características:

- Procedemento ordinario de provisión: libre designación.
- Adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia.
- Aberto a persoal funcionario do Corpo Superior da Administración Xeral da Xunta de Galicia, Administración Xeral do Estado e das CCAA.
- Nivel 30.

3.- Valoración económica

A modificación proposta non ten custo económico.

Asinado dixitalmente na data que consta na marxe.

A directora Carmen Cotelo Queijo



ANEXO – POSTOS TRASPASADOS

En cumprimento do Acordo de traspaso asinado entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Consellería de Economía e Industria, os postos que de seguido se relacionan xa non pertencen á RPT da Axencia Galega de Innovación:

Dirección da Axencia

Código	Denominación	Grupo/Subgr.	Nivel
EI.A11.00.000.15770.005	Posto Base Subgrupo A1	A1	20
EI.A11.00.000.15770.017	Posto Base Subgrupo C2	C2	12
EI.A11.00.000.15770.019	Posto Base Subgrupo C2	C2	12
EI.A11.00.000.15770.020	Posto Base Subgrupo C2	C2	12

Área de Xestión

Código	Denominación	Grupo/Subgr.	Nivel
EI.A11.00.001.15770.010	Posto Base Subgrupo A1	A1	20
EI.A11.00.001.15770.022	Xefatura Sección de Axudas II	A1-A2-C1	25
EI.A11.00.001.15770.046	Xefatura Negociado de Habilitación	A2-C1-C2	18
EI.A11.00.001.15770.101	Posto Base Subgrupo A1	A1	20

Área de Programas

Código	Denominación	Grupo/Subgr.	Nivel
EI.A11.00.002.15770.020	Xef. Dep. Xestión da Innovación	A1-A2	28
EI.A11.00.002.15770.026	Enxeñeiro/a de Funcións Facultativas	A1	26
EI.A11.00.002.15770.028	Enxeñeiro/a de Funcións Facultativas	A1	26

Área de Servizos

Código	Denominación	Grupo/Subgr.	Nivel
EI.A11.00.003.15770.025	Enxeñeiro/a de Funcións Facultativas	A1	26
EI.A11.00.003.15770.031	Xefatura Sección Servizos II	A1-A2-C1	25
EI.A11.00.003.15770.103	Posto Base Subgrupo A1	A1	20



Área de Centros- Centro de Innovación e Servizos da Tecnoloxía e o Deseño (Ferrol)

Código	Denominación	Grupo/Subgr.	Nivel
EI.A11.00.004.15350.020	Xef. Dept. de Programación de Centros	A1-A2	28
EI.A11.00.004.15350.101	Posto Base Subgrupo A1	A1	20
EI.A11.00.004.15350.102	Posto Base Subgrupo A1	A1	20
EI.A11.00.004.15350.103	Posto Base Subgrupo A1	A1	20
EI.A11.00.004.15350.104	Posto Base Subgrupo A1	A1	20
EI.A11.00.004.15350.105	Posto Base Subgrupo A1	A1	20
EI.A11.00.004.15350.106	Posto Base Subgrupo A1	A1	20
EI.A11.00.004.15350.107	Posto Base Subgrupo A1	A1	20
EI.A11.00.004.15350.110	Posto Base Subgrupo A2	A2	16
EI.A11.00.004.15350.111	Posto Base Subgrupo A2	A2	16
EI.A11.00.004.15350.120	Posto Base Subgrupo C2	C2	12
EI.A11.00.004.15350.121	Posto Base Subgrupo C2	C2	12
EI.A11.00.004.15350.122	Posto Base Subgrupo C2	C2	12

Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas

Código	Denominación	Grupo/Subgr.	Nivel
EI.A11.00.005.15770.001	Director/a Área Coordinación Polo Aeroespacial	A1	30

A directora

Carmen Cotelo Queijo

